

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

O alumnado accederá ao seguinte ciclo sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao ciclo realizado e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. Accederase igualmente ao ciclo seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo tendo en consideración o seu desenvolvemento afectivo social e emocional.

De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa , cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio que será organizado polo equipo docente do Centro.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotarse todas as medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Ao final de cada ciclo o equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando en consideración a información e o criterio do profesorado titor, na sesión da avaliación.